

Servizos na nube Nextcloud

Servizos de almacenamento, calendario, notas, tarefas, contactos e edición colaborativa de documentos.

Cada usuario dispón de **50GB de almacenamento de base**, que pode ampliar cunha [solicitud expresa a través do formulario de incidencias](#).

Os usuarios poden **solicitar a creación de grupos** cun espazo de almacenamento propio independente, tamén [a través do formulario de incidencias](#).

Acceso

Todos os usuarios cunha conta estándar teñen acceso a través de <https://nextcloud.citius.usc.es/> coa súa conta do CiTIUS, ou con clientes de sincronización ou exploradores de arquivos compatibles.

Os usuarios con conta limitada poden solicitar permiso de acceso a través do seu responsable no centro.

Servizo de Almacenamento

Cientes de sincronización

Hai clientes de sincronización dispoñibles para **Windows, Mac, Linux, Android, iOS e Windows Phone**. Podes [descargalos dende a páxina oficial](#).

Nos clientes sempre hai que indicar a ruta do servidor de Nextcloud, que é `nextcloud.citius.usc.es`, máis o usuario e contrasinal do CiTIUS.

A **Ubuntu 16.04** instalada polo centro dispón de integración automática, cun asistente para configurar a conta co cliente de Nextcloud, que sincroniza os arquivos de Nextcloud con directorio local. Tamén hai un marcador directo no explorador de arquivos para acceder aos arquivos do servidor (sen descargalos previamente) a través de WebDAV.

Na **Ubuntu 14.04** instalada polo centro está tamén o cliente instalado. Busca *Nextcloud* no panel de aplicacións.

Para outras distribucións de **GNU/Linux**, consulta [a páxina oficial](#)

Acceso directo a través de WebDAV

Navegadores de arquivos de **GNU/Linux** coma Nautilus soportan este protocolo de serie. Podes probar coa ruta `davs://nextcloud.citius.usc.es/remote.php/webdav/` (se non funciona podes probar a cambiar `davs:` por `webdav:`).

En **Windows 10** é posible conectar como unha unidade remota, especificando a ruta <https://nextcloud.citius.usc.es/remote.php/webdav/>. Sen embargo, o cliente de WebDAV de Windows ten moitos problemas de implementación e pode fallar nalgúns casos¹⁾. É recomendable usar clientes de terceiros para acceder a WebDAV, coma [Cyberduck](#).

Hai mais información dispoñible na [documentación oficial](#).

Calendario e contactos

Non hai un cliente oficial gratuíto para a sincronización de calendarios e contactos. Os calendarios están accesibles a través de CalDAV e CardDAV, que soportan varios clientes.

Edición colaborativa de documentos

O Nextcloud dispón dun editor [Collabora Online Developer Edition](#), que permite a edición colaborativa de todos os documentos soportados por LibreOffice (documentos de texto, follas de cálculo e presentacións).

Pódense compartir os documentos usando a interface de Nextcloud, e editalos varias personas a un tempo, de xeito similar a como se fai con Google Docs. Tamén se poden crear documentos novos dende a propia interfaz web de Nextcloud.

Copias de seguridade

Fanse copias de seguridade todos os días para poder recuperar arquivos en caso de desastre. Para acceder ás copias de seguridade, debes poñerte en contacto coa Unidade de Xestión de Infraestruturas TIC.

¹⁾

Ten problemas ao gardar o contrasinal, hai que introducila cada vez que arrancas. En Windows 10, o usuario de Windows non pode conter caracteres especiais, tildes incluídas, ou fallará a conexión sempre.

From:
<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:
<https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:nextcloud>

Last update: **2017/09/20 12:27**

